

caixanova 

BAIXO AS ONDAS DAS RÍAS



O PROXECTO AS CORES DO MAR DE GALICIA

Dentro do labor sociocultural que vén desenvolvendo Caixanova dende a súa fundación, ocupa un lugar destacado o respecto polo medio ambiente galego, a divulgación da súa beleza e dos segredos que encerra, e a aposta polo coñecemento do noso contorno como primeiro paso para a súa conservación.

Caixanova séntese orgullosa de presentar esta nova iniciativa que aposta polo contorno natural de Galicia. Trátase dun espectacular vídeo documental sobre o medio submarino das nosas costas que nos permite un novidoso achegamento á descoñecida riqueza das nosas rías. Un proxecto que, baixo o suxerente título de "As cores do mar de Galicia", se sustenta, ademais de no vídeo que hoxe presentamos, noutros dous pilares fundamentais: o primeiro é unha magnífica exposición de fotografía submarina, que de forma itinerante se exporá por toda Galicia, coa que o noso mundo submarino se achegará a tódolos galegos, amosando todo o seu esplendor e sorprendente gama de cores. O segundo trátase duna Unidade Didáctica, dirixida a estudantes da ESO. Con ela, Caixanova pretende achegar á xuventude unha das nosas meirandes fontes de riqueza: o mar. Galicia, cos seus case 1.500 km de costa, presenta unha grande variedade de espazos litorais. Esta grande riqueza en termos de biodiversidade e elevada produtividade das nosas costas, proporcionanlles ós galegos unha incalculable cantidade de recursos económicos, pero apenas comezamos a comprender-la magnitude do seu potencial.

O VÍDEO BAIXO AS ONDAS DAS RÍAS

Trátase dunha sorprendente obra de José Irisarri, experimentado submarnista que na súa intensa carreira obtivo numerosos recoñecementos en tódolos

A cabra, "Serranus cabrilla", é un peixe moi territorial, polo que raramente se lle pode ver formando agrupacións. Só a inmersión nocturna permite estes cauais encontros. O máis característico desta especie é o seu hermafroditismo autógeno, é dicir, a capacidade de autofecundarse.



marcos onde presentou o seu traballo. Así, conta co premio especial do xurado no Festival Internacional de Documentais Submarinos de Antibes 1994 (Francia), e recentemente obtivo o 1º Premio no Certame "Casa de las Ciencias" da Coruña (2001).

No vídeo "Baixo as Ondas das Rías" descubrimo-la incidencia das estacións nos nosos fondos mariños: o outono coa desaparición das algas, coa migración das centolas e co inicio do ciclo reproductivo de moitos dos habitantes do noso mar. O inverno preséntanos imaxes tan orixinais coma a dun lumbrigante limpando o seu fogar para compartilo cun congro, ou unhas divertidas

Co comenzo da primavera, os fondos rocosos do litoral de Galicia, ata ben entrados os 15 m de profundidade, cobrense duns bosques impermeables que serven de acubillo a multitude de especies. Son as grandes laminarias, que ata o mes de novembro, cos fortes temporais de outono, non serán botados ás nosas praias.




O cabaliño de mar, "Hippo-campus ramulosus", é unha das poucas especies mariñas na que o macho pode estar plenamente seguro de ser o pai da súa prole. Isto débese a que, cando se aparean, as femias depositan os ovos na bolsa que, para este propósito, posúen os machos. Estes transportan os embrións durante unhas tres semanas ata que os liberan co mesmo aspecto que teñen de adultos, con apenas un centímetro de lonxitude.



centolas disfrazadas con algas, con borgonias ou con esponxas no período de cambio de coraza. A primavera chega ó fondo do mar con sinais propios, todo revive co aumento das horas de luz, é tempo de comida e abundancia para todos e chegan ás nosas costas grupos de golfinhos chamando a atención cos seus saltos e reviravoltas. Co verán descubrimos que a beleza dos fondos mariños aumenta coa incidencia dos raios do sol sobre as algas, esta estación preséntanos escenas protagonizadas por raias camufladas na area ou nadando co seu elegante ondular, vieiras fuxindo do ataque dunha estrela de mar, etc. Co final do verán as algas volven a desaparecer e remata con isto un ciclo vital para dar comezo o seguinte; volve o outono.

Ademais do magnífico traballo realizado por José Irisarri baixo a auga, neste vídeo foi fundamental a colaboración de: Manuel Uña, director e guionista, e de David Morales, autor da música que envolve esplendidamente as imaxes.

Un lento exército de ouzinhos avanza sobre o solo oceánico. Son moitos os que necesitan moita comida. O que nun tempo fora unha abundante pradeira de algas transformouse nun deserto rocoso. E os ouzinhos continúan lentamente cara adiante.



Un banco de bogas, "Boops boops", patrulla a costa alimentándose de plancton. A agrupación en bancos é unha técnica moi utilizada por moitas especies de peixes co obxecto de confundir ós seus depredadores, xa que canto máis numeroso e coordinado é o grupo máis difícil é para o atacante aproximarse e fixar a súa presa.

caixanova 